

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN "AMIGA" PARA O ASESORAMENTO DE PERSOAS INMIGRANTES E RETORNADAS DURANTE 2024

EXPEDIENTE: 2024/G003/000081

ANTECEDENTES:

Á vista do informe emitido pola traballadora social Dña. María Victoria Varela Rodríguez en data 02/01/2024, no que se pon de manifesto o incremento do número de persoas usuarias dos servizos sociais que requiren orientación socio-xurídica especializada en material de retorno, inmigración e protección internacional, e se propón o reforzo dos servizos sociais comunitarios mediante a colaboración con entidade especializada na materia, así como o informe de fiscalización emitido pola interventora municipal Dña. Ana I. Candame Areosa en data 08/02/2024, co resultado de fiscalizado de conformidade con observacións, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º) Aprobar a sinatura do seguinte convenio de colaboración coa "Asociación de Migrantes de Galicia":

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A ASOCIACIÓN DE MIGRANTES DE GALICIA (AMIGA)

REUNIDOS:

Dunha parte, Don Pablo Lago Sanmartín, como Alcalde do Concello de Brión con CIF P1501300F, actuando en nome e representación deste, e doutra, Dona María Teresa Bustamante Fernández, con DNI nº 32644296M ,que intervén neste acto en nome e representación da Asociación de Migrantes de Galicia (en adiante AMIGA) con número de identificación G70578083, domicilio en Casa das Asociacións de Benestar Social (CABES), rúa Manuel María nº 6, Planta 3ª, oficina 5 ,15706 de Santiago de Compostela, inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co nº E7043, e no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co nº 2019/023255-1º.

EXPOÑEN:

Primeiro:

Que é o desexo de ambas entidades subscribir un Convenio de Colaboración, co fin de establecer un marco socio-xurídico e institucional axeitado para o desenvolvemento dun servizo especializado en orientación e inclusión social para persoas extranxeiras (inmigrantes e solicitantes de protección internacional), e emigrantes retornados, en apoio dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Brión.

Segundo:

Que o Concello de Brión é unha entidade de natureza pública entre cuxos obxectivos se atopa o desenvolvemento de actividades que melloren a calidade de vida e o benestar dos individuos e grupos, ao través da información, orientación, prevención e promoción da participación.

Terceiro:

Que a Asociación AMIGA é unha entidade de iniciativa social, que ten como misión, entre outras, o asesoramento sobre as distintas formas de residencia en España e o seguemento continuado da situación legal das persoas migrantes e retornadas.

CLAÚSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

É obxectivo prioritario deste convenio, facilitar aos Servizos Sociais Municipais do Concello de Brión un instrumento válido e fiable para a atención xurídica das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas.

Segunda.- Obrigas xerais

A Asociación AMIGA, obrígase a:

- a) Colaborar cos técnicos dos servizos sociais municipais para a posta en marcha do servizo.
- b) Desenvolver as actuacións que dan lugar á sinatura do presente Convenio, en concreto, para o asesoramento a 15 persoas empadroadas no Concello de Brión en materia de:
 - Obtención de permisos de residencia e traballo.
 - Renovación e modificación de autorizacións de reagrupación familiar.
 - Matrimonio-parella entre nacionais e extranxeiros.
 - Obtención de nacionalidade e homologación de títulos extranxeiros.
 - Asesoramento en materia de contratación laboral.
 - Asesoramento en materia de protección internacional
- c) Realizar as tarefas conveniadas a través da intervención de profesionais suficientemente cualificados, e en concreto, realizar asesoramento legal a través dun/ha avogado/a especialista en estranxeiría.
- d) Notificar ao Concello de Brión calquera incidencia que se produza no desenvolvemento do mesmo.
- e) Propoñer e promover a realización doutras actividades que puideran redundar no beneficio do colectivo obxecto deste convenio (xornadas formativas, charlas, estudos,...)
- f) Respetar a normativa vixente en materia de protección dos datos de carácter persoal aos que teñan acceso por razón do presente convenio.

O concello de Brión obrígase a:

- a) Prestar apoio financeiro por importe de 3.500'00 (tres mil cincocentos) euros para o

desenvolvemento das actividades obxecto deste Convenio

b) Establecer as canles para levar a cabo labores de coordinación, seguemento e avaliación do servizo previsto, mediante a colaboración do personal adscrito ao Departamento Municipal de Servizos Sociais

c) Facilitar no seu caso espazos axeitados para levar a cabo entrevistas ou reunións, cando conveña realizar estas fóra do ámbito da Asociación.

Terceira.- Xustificación

A aportación económica prevista por parte do Concello de Brión como apoio para a cobertura dos gastos ocasionados polas actividades previstas neste convenio, materializarase unha vez se xustifique a total realización das mesmas mediante a presentación de:

- A correspondente factura
- Memoria xustificativa da actividade realizada, elaborada polos técnicos da Asociación AMIGA, que conterá como mínimo:
 - A identificación dos/as técnico/as que lebaron a cabo as intervencións, con mención expresa do seu perfil profesional
 - O número de persoas atendidas e as accións desenvoltas, agrupadas por áreas de intervención
 - Unha proposta de mellora do servizo municipal de atención a persoas inmigrantes e emigrantes retornados
- As certificacións acreditativas de estar ao corrente no pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Informe-Memoria dos Servizos Sociais Municipais que conteña a avaliación xeral de resultados do convenio.

O prazo para a xustificación ante o Concello de Brión finalizará o 16 de decembro de 2024.

Cuarta.- Difusión

Ambas entidades se comprometen de forma solidaria a difundir, dar publicidade e promover a presente colaboración, que deberá poñerse de manifesto en publicidade de cartelería e páxina web da Asociación AMIGA, facendo uso das respectivas imaxes corporativas.

O Concello de Brión admitirá e difundirá a información creada pola Asociación que se considere relevante para ambas as partes, en relación ao presente convenio.

Quinta.- Duración do convenio

O presente convenio extenderase dende o día 1 de febreiro de 2024 ata o día 16 de decembro de 2024, non establecéndose obrigatoriedade algunha de prórroga por ningunha das partes.

O presente convenio poderá rescindirase cando exista incumprimento grave por algunha das

partes, ou falta dalgún dos requisitos esixidos na xustificación.

Para a resolución das cuestións litixiosas que puideran xurdir da interpretación e cumprimento do Convenio, as partes sométense expresamente aos xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado no lugar e data que expresan.

Brión, ----- de ----- de 2024

Polo Concello de Brión

Pola Asociación AMIGA

Asdo: D.Pablo Lago Sanmartín

Asdo.:Dna. M^a Teresa Bustamante Fernández"

2º) Autorizar o gasto previsto neste convenio por importe de: 3.500'00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria: 231.227.99

3º) Dar conta deste decreto ao Departamento de Servizos Sociais para a súa xestión e tramitación do correspondente expediente. Logo de asinado o convenio, deberá remitirse o documento orixinal a Secretaría para constancia no rexistro de convenios a remitir anualmente ao Tribunal de Contas.